

INSTITUCIONAL

O Consorcio de Santiago reúne a súa Comisión Executiva

O Consorcio de Santiago celebrou o día 8 de outubro a súa Comisión Executiva. A xuntanza estivo presidida pola alcaldesa da cidade e presidenta do organismo interadministrativo, Goretti Sanmartín, e tivo lugar na sede do Consorcio de Santiago no Pazo de Vaamonde.

No transcurso da reunión realizouse unha estimación das inversións necesarias para as obras no interior do Pazo de Congros e Exposición de Galicia, e se analizou o estado das achegas das administracións consorciadas para poder avanzar no orzamento e a programación no vindeiro ano. No relativo a Real Filharmonía de Galicia e a Escola de Altos Estudos Musicais, se deu conta da prórroga dos contratos de director titular e director asistente de ambas institucións.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/boas/consorcio-de-santiago-reune-sua-comision-executiva>



Sedipualb@ premia ao Consorcio de Santiago por ser a primeira entidade en Galicia en implantar a plataforma

O Consorcio de Santiago asistiu os días 17 e 18 de outubro ao II Congreso Sedipualb@, organizado no Palacio de Congros de Albacete. Na cerimonia de clausura celebrouse unha entrega de recoñecementos a distintos organismos e persoas e na que o Consorcio de Santiago recibiu un galardón por ser a primeira entidade de Galicia en implantar a plataforma de administración electrónica Sedipualb@. Desta forma quixeron recoñecer a aposta pioneira do Consorcio de Santiago no proxecto de reutilización de Servizos Públicos Dixitais de Sedipualb@.

O galardón foi recollido por Ramón Fernández Hermida, arquitecto coordinador de proxectos e responsable do equipamento informático da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago. Fixolle entrega do premio José Joaquín de Haro Navarro, Xefe de Servizo de Modernización Administrativa e TIC da Deputación de Albacete e responsable do desenvolvemento da ferramenta colaborativa Sedipualb@ desde os seus inicios.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/boas/consorcio-de-santiago-recebe-un-premio-por-ser-primeira-entidade-en-galicia-en-implantar>



OFICINA TÉCNICA



A Casa do Cabido será obxecto de labores de conservación preventiva

O Consorcio de Santiago publicou na Plataforma de Contratación do Estado o contrato para realizar unha intervención na Casa do Cabido, en concreto para levar a cabo obras de mantemento ordinario e preventivo na cornixa e peinata deste inmovible de gran valor histórico, artístico e arquitectónico da cidade de Santiago de Compostela.

A obra, que seguirá os mesmos criterios e materiais da restauración integral de 2011, terá un valor estimado de 59.709,66€ e o prazo de execución será de dous meses. As empresas interesadas na oferta tiveron ata o 31 de outubro de 2024 para presentarse.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/boas/consorcio-de-santiago-realiza-labores-de-conservacion-preventiva-na-casa-do-cabido>

MÚSICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Comeza "Inconformistas"

A Real Filharmonía de Galicia inaugurou o día 3 de outubro a súa temporada 2024-2025 co concerto Estrelas Fantásticas. Os asistentes tiveron a oportunidade de gozar da Sinfonía Fantástica, op. 14 de Hector Berlioz, un grande experimentador da tímbrica, ao tempo que achegáronse ao presente a través da figura da compositora residente da RFG, Raquel García-Tomás, grazas a súa obra Las constelaciones que más brillan.

O concerto incluíu ademais no seu repertorio á composición de Karol Szymanowski, Concerto para violín e orquestra núm. 2, op. 61., que contou coa magnética actuación da solista convidada, Alena Baeva. Tamén tivo lugar unha nova edición de "Conversando con..." co director e a compositora residente, e ao rematar o espectáculo os asistentes degustaron un viño de cortesía.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/ga-real-filharmonia-de-galicia-inicia-este-verano-a-sua-nova-temporada-inconformistas-da-man-da-solista-alena-baeva/>



Tres concertos únicos protagonizan o mes de outubro na RFG

Continuando na liña do concerto inaugural, a Real Filharmonía de Galicia puxo o foco na innovación con tres concertos máis no mes de outubro. Os días 10 e 11 ofreceu dous concertos, un no Auditorio de Galicia e outro no Centro Cultural Afundación en Pontevedra. Estes concertos, baixo o título Ecos Sinfónicos, foron dirixidos polo director asistente Sebastian Zinca e incorporaron obras de Eduardo Soutullo, Ralph Vaughan Williams e Jean Sibelius.

A programación continuou os días 24 e 25 co espectáculo "O Grande Beethoven", que cativou aos máis pequenos coa historia do compositor Ludwig van Beethoven, un dos principais inconformistas da historia da música. Foi a directora María Camila Barbosa quen levou a batuta durante os concertos que contaron coa interpretación dos actores Sofía Nereida e Antón Miguel Teixeira, do Servizo Educativo da Casa da Música do Porto.

Para rematar o mes a RFG convidou ao director Diego Martín-Etxebarria para conducir o espectáculo "Novas Voces Galegas", onde foron interpretados fragmentos de óperas por unha nova xeración de cantantes galegos: as sopranos Emilia Pérez e Lucía Iglesias e o barítono Lucas López.



130 directores e directoras novos inscribíronse ao obradoiro de dirección orquestral da Real Filharmonía de Galicia

130 directores e directoras novos presentaron a súa candidatura predispostos a acudir ao Auditorio de Galicia para aprender no taller de dirección orquestral da RFG da man do seu director titular e artístico, Baldur Brönnimann.

Seleccionáronse seis persoas, tres directores e tres directoras, nados en Brasil, Italia, Polonia, Reino Unido, España e Suíza: Felipe Biesek; Matteo Dal Maso; Kinga Głowacka; Josephine Korda; Celia Llácer e Benjamin Alfred Voce.

Ao final do curso, que terá lugar os días 9, 10, 11 e 12 de decembro, realizarase un concerto aberto ao público coa participación da Real Filharmonía de Galicia e tamén do alumnado da Escola de Altos Estudos Musicais.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/ga/130-directores-e-directoras-novos-inscribironse-ao-obradoiro-de-direccion-orquestral-da-real-filharmonia-de-galicia/>

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

A EAEM reuniu ao Consello Académico do CAEO

A Escola de Altos Estudos Musicais abre unha convocatoria extraordinaria para a nova edición do Curso de Especialización Instrumental. As prazas dispoñibles nesta ocasión son en violín e viola, e o prazo de solicitudes estará aberto ata o 6 de novembro, e as probas de selección realizaranse o 9 de novembro deste 2024.

Máis información CAEO:
<https://eaem.es/ga/boas/reuniao-do-consello-academico-do-caeo/>



Aberta unha convocatoria extraordinaria para violín e viola no CEI

A Escola de Altos Estudos Musicais abre unha convocatoria extraordinaria para a nova edición do Curso de Especialización Instrumental. As prazas dispoñibles nesta ocasión son en violín e viola, e o prazo de solicitudes estará aberto ata o 6 de novembro, e as probas de selección realizaranse o 9 de novembro deste 2024.

Máis información CAEO:
<https://eaem.es/ga/boas/aberta-una-convocatoria-extraordinaria-para-dos-especialidades-de-curso-de-especializacion-instrumental/>

O oboísta Nick Deutsch impartirá as primeiras clases maxistras deste trimestre da EAEM

As titorías tendrán lugar en novembro, o día 28, de 10h a 14h e de 16h a 20h, e o día 29, de 10h a 12h e de 16h a 19h. Compre indicar que as dúas primeiras horas do xoves, e a primeira do venres serán destinadas exclusivamente aos alumnos do CAEO.

Nick Deutsch comparte o seu vasto coñecemento como profesor convidado en academias de música de renome internacional, como o Conservatorio Nacional Superior de Música de París, o Royal College of Music de Londres, a Academia de Música de Hong Kong, a Escola Superior de Música Forum Musika, e ofrece regularmente clases maxistras en todo o mundo.

Máis información CAEO:
<https://eaem.es/ga/boas/aberta-una-convocatoria-extraordinaria-para-dos-especialidades-de-curso-de-especializacion-instrumental/>

